

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200
CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Breve descrición do proxecto (prestarase especial atención á vinculación ordinaria,

I.- Descrición xeral do proxecto

A continuación presentamos un proxecto interdisciplinario, potenciador das competencias clave da escola do século XXI, e que ten como protagonistas a todo o alumnado do centro e a gran parte do profesorado, nun esforzo de atención á diversidade de intereses, de estilos de aprendizaxe, de futuros a crear. Pero, tamén, que pretende ser a ponte para iniciar un novo momento na participación familiar da nosa comunidade e que optimizará a visibilidade do tecido empresarial e artesán neste contexto no que a agricultura, a gandeiría, a madeira e a pedra son os piares económicos de sustento. E constrúen un contexto de aprendizaxes comunitarias, no que centrar o currículo para que o noso alumnado se imbúa dos desempeños que poidan abrílles camiños e formacións, con experiencias compensatorias que favorezan a súa ancoraxe na contorna, diminuíndo o éxodo da poboación rural, apostando pola función de axente de cambio social do sistema educativo.

Contamos con moita experiencia no traballo por proxectos autonómicos, nacionais e internacionais, un profesorado definitivo comprometido con ensinar e aprender dentro e fóra da aula, boas e estables relacións coa contorna e institucións, e unha sólida pertenza a redes de centros para o traballo competencial. Respecto do noso alumnado, está afeito a participar en experiencias de aprendizaxe baseado en proxectos, eventos e entre iguais, sendo isto unha característica da nosa metodoloxía de centro.

Por outra banda, estamos inmersos na redacción do Plan Dixital, un documento que debe ser a guía para a transformación dixital da nosa comunidade educativa, entendendo o centro como dinamizador do compromiso co uso responsable e respectuoso dos dispositivos tecnolóxicos e a seguridade e benestar persoal, dentro da Estratexia Dixital 2030.

Este proxecto vai ter como fío condutor a tecnoloxía, materia que gaña peso no horario e no currículo de todos os cursos, servindo, por tanto, como eixo vertebrador da interdisciplinidade, como ferramenta para diminuír a fenda de xénero STEM, aproveitando ser causa natural de interese no alumnado e obxecto de desenvolvemento na sociedade. O proxecto está dividido en tres liñas de acción, todas elas vinculadas coa contorna natural e social, contextualizadas e pretendidamente creadoras do sentido de pertenza ao centro educativo, a través de actividades que procuren unha resolución de problemas coa intervención dos diferentes colectivos da comunidade:

VIVENCIAS. Esta liña de traballo pretende poñer en valor as vivencias das xentes, as experiencias interxeracionais, a descuberta compartida... Organizarase, en horarios de mañá e/ou tarde, en obradoiros para a comunidade e creación audiovisual de recollida de información relevante nos diversos estudos. Trátase de *¿vivir¿* xuntos, de experimentar, de comprometerse con compartir os diversos desempeños como o patrimonio que nos trouxo ata aquí.

EXPERIENCIAS. Nesta liña adquire especial importancia o traballo en proxectos de Aprendizaxe e Servizo. Pretendemos experimentar para aprender, á vez que servimos á comunidade desde a posición privilexiada dun centro preparado para isto. Non hai mellor xeito de que o IES e a dotación que podamos adquirir/obter teña unha proxección pública e converta a nosa comunidade en exemplo de sustentabilidade, albergando prácticas de investigación e experimentación en humanidades, ciencias,

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200
CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

artesanía...

COMUNICACIÓNS. Nesta terceira liña pretendemos abrir unha ventá ao mundo, enviando as nosas descubertas como un material para a transferibilidade de proxectos e aprendizaxes. Trátase de crear contidos relevantes para a comunidade e para a sociedade en xeral, especialmente a educativa, onde se pode importar o modelo para outros centros ou, mesmo, colaborar para optimizalo.

II.- Posibles espazos que se van utilizar

Desde hai dous cursos, no noso centro estamos comprometidos con potenciar o valor educativo do espazo como motor de innovación, axente de: desenvolvemento da aprendizaxe, no alumnado, cambio metodolóxico, no profesorado, fomentando a curiosidade e o pensamento crítico, favorecendo a inclusión e a mellora competencial, dotación de recursos que favorezan aprendizaxes comunitarias, servíndose da resolución de problemas. Trátase de crear espazos de traballo colaborativo, interdisciplinario, que favorezan a aprendizaxe competencial a través de aprender facendo e experimentando sobre a contorna, e que estean abertos á comunidade para favorecer o seu desenvolvemento. É un obxectivo do noso proxecto educativo dotar á comunidade dun espazo con recursos e servizos de fácil acceso á información fóra das aulas e laboratorios específicos, onde poder aprender a aprender manipulando, experimentando e cooperando con outros sectores. En resumo, trátase de aplicar a Nova Arquitectura Pedagóxica ás nosas instalacións e que isto se proxecte nas nosas metodoloxías.

Neste sentido, temos identificados varios lugares para deseñar un novo sistema de traballo:

A actual aula de audiovisuais servía a este sistema de traballo. A nosa participación en diversos proxectos e programas dotou as aulas e biblioteca de equipamento dixital e, en concreto, Edixgal, permitiu que cada aula fose unha ventá ao mundo a través das pantallas. As nosas necesidades, porén, quedaron sen cubrir en aulas multivalentes: espazos flutuantes con mobiliario versátil que favorezan o traballo interdisciplinario e colaborativo así como a creación, sexa ou non audiovisual, nos que atender a diversidade da comunidade educativa e os diferentes estilos de aprendizaxe do alumnado. O noso centro dispón desta aula, de case 100 metros cadrados, iluminada, diáfana e chea de potencialidades. (<https://drive.google.com/file/d/1HM1WXCdSNCunzlhksc2H4ck6DsuFsT9J/view?usp=sharing>).

A pandemia deixou ensinanzas como valor do exterior para aprender desde a contorna, en traballo de campo directo, pero tamén para asistir, simplemente, a sesións nas que traballar materias que, menos centradas na natureza, se benefician do benestar propio dela. O noso centro dispón de varios lugares exteriores, como a estación inclusiva Invernadoiro-Hotel de insectos, creados para dar á comunidade educativa, un espazo de observación da natureza, ou a parte traseira do recinto, na que hai un pequeno bosque de alimentos e varias árbores que dan sombra e protección en caso de estar fóra. Consideramos que este lugar sería óptimo para algúns traballos científicos tecnolóxicos e a tantos outros literario lingüísticos nos que sustentarse. (<https://drive.google.com/file/d/1z3MX-1XIVUdcHpaKVSfUoU6vhqBuVjxZ/view?usp=sharing>).

O vestíbulo é o lugar de acollimento por excelencia, un amplo círculo aberto que é perfecto para a exposición, a recepción de convidados e calquera traballo do alumnado que precise do movemento. Rodeado de cristaleira en todos os andares, e con espazos verdes que o fan acolledor, está culminado cun observatorio. Un espazo que está sen aproveitar en todas as súas posibilidades. Este vestíbulo dispón de espazos abertos paralelos (un por andar) que poderían converterse en puntos de lectura por pracer e socialización, de traballo de pequenos grupos e ata de obradoiros temáticos esporádicos. (https://drive.google.com/file/d/1B2Y_cmLbaWRlVwOkbTOMmeQs1Vu4P00_/view?usp=sharing).

A perda de alumnado na zona rural deixa, nos centros educativos, dispoñibilidade de espazos que cobran especial importancia en proxectos deste tipo. Así, aínda que dispoñemos dun taller de tecnoloxía, existe un aula preto do aulario que podería ser un segundo taller de tecnoloxía no que dispoñer parte do equipamento e maquinaria que aquí se solicita e que dote, aos protagonistas, dun espazo específico de traballo tecnolóxico no que enfrontar a fabricación a pequena escala.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200
CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

III.- Proposta de organización e actividades

VIVENCIAS.

1.1. AS ESTRELAS: Dispoñemos de observatorio e telescopio, que mantemos, pero non está pedagoxicamente aproveitado. Contamos coa colaboración da Asociación IO, para estudos do noso ceo, aspecto que pode completarse con experiencias interxeneracionais, aproveitando o coñecemento tradicional dos ceos e a súa implicación nas tarefas cotiás.

1.2. ESPAZOS CREATIVOS: Compartir o espazo como cerne de ideas, para obradoiros de creación onde aproveitar os diferentes desempeños e experimentar con novos tipos de aprendizaxe manual, pode servir, tamén, para fortalecer o sentido de pertenza das familias: Obradoiros de costura, elaboración de produtos naturais, cestería, ou mesmo aprendizaxes relacionadas coas TIC e o uso de móbiles dun xeito seguro e responsable. Cabe tamén, a experimentación con novas aplicacións tecnolóxicas como as de eTÉXTIS para mostrar publicidade ou medir constantes corporais a través da roupa. Queremos crear espazos lúdicos con actuacións interdisciplinarias, onde o alumnado non so interveña xogando, senón construíndo xogos (de habilidade mental, destreza física, invención literaria e/ou artística, quebracabezas papiroflexia), de xeito que como creadores experimenten e participen de xeito emprendedor da súa propia aprendizaxe, en favor da convivencia.

2. EXPERIENCIAS.

2.1. A CONTORNA LABORAL: A organización de masterclasses e obradoiros para alumnado e familias pode despertar intereses e por en valor outras saídas laborais.

2.1.1. CREACIÓN DE COMPOSTEIRA E BANCAIS. Para seguir na optimización do recuncho da natureza e crear pontes coas familias adicadas ao agro.

2.1.2. OBSERVACIÓN E TOMA DE DECISIÓNS DESDE O RECUNCHO DA NATUREZA: Tanto coa actual plantación de carballos autóctonos (invernadoiro) como co compromiso coa preservación dos insectos (hotel de insectos).

2.2. A IMPRESIÓN 3D AO SERVIZO DA CONTORNA: Á vez da aprendizaxe tecnolóxica e os intereses científicos, colaboraremos na mellora do mundo e na adquisición de valores.

2.2.1. OBRADOIRO DE REPARACIÓN: Creación de pezas de plástico mediante un sistema de recollida da peza deteriorada de calquera persoa da comunidade, escaneado e impresión 3D da mesma.

2.2.2. IMPRESIÓN 3D DE PRÓTESES PARA NENOS CON DISCAPACIDADE en colaboración con Ayúdame3D.

2.3. ROBÓTICA E REALIDADE VIRTUAL AO SERVIZO DA APRENDIZAXE: Existe un mundo que descubrir ao outro lado da porta. E outro dentro, no que crear modelos.

2.3.1. ROBOTIZACIÓN DE PRÓTESES para o seu estudo.

2.3.2. SENSORIZACIÓN DE MAQUETAS de vivendas para simulacións domóticas.

2.3.3. VISITAS VIRTUAIS a realidades susceptibles de ser estudadas así.

2.3.4. MONTAXE E PROGRAMACIÓN DE BRAZOS ROBÓTICOS para simular os industriais.

2.3.5. MONTAXE, SENSORIZACIÓN E PROGRAMACIÓN de robots desprazables.

3. COMUNICACIÓNS.

3.1. AUDIOVISUAL: Temos tradición na creación AV en formato curta, agora queremos o salto á televisión e radio.

3.1.1. TELEVISIÓN: Contamos con colaboracións: TVG, Tania Fernández Lombao, xefa de creación e TV1, Bruno Pena Calvo, exalumno do centro e produtor

3.1.2. RADIO: Queremos potenciar o uso do podcast como produto final avaliable.

3.1.3. FOTOGRAFÍA como fio vertebrador da participación familiar. Proxecto de dixitalización de fotos e documentos antigos da contorna, organizando xornadas de roteiros e convivencia, nos que facer fotos actuais dos lugares dixitalizados para unha web co material antigo e novo contextualizados.

3.2. CREACIÓNS MATERIAIS: A realización de produtos socialmente relevantes é un dos obxectivos que se esconden no traballo competencial, e pode servir como obxecto que nos identifique na contorna nun acto de comunicación.

3.2.1. GRAVADO CON CORTADORA LÁSER para rótulos, produtos identitarios (proxectos ou Feiras)

3.2.2. CREACIÓN DE CHAPAS identitarias para o centro/proxecto: sinal de pertenza/agasallos a outros colectivos.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200
CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

3.2.3. IMPRESIÓN 3D de modelos para materias ou para compartir cos centros da nosa rede: células, placas tectónicas;

IV.- Alumnado ao cal vai destinado

Este proxecto está deseñado para todo o noso alumnado, que cursa ESO, Bacharelato e ciclo formativo de grao básico de Fabricación e Montaxe, para mellorar o seu grao de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. Na atención á diversidade, procuramos que haxa proxectos horizontais e transversais que relacionen aos diferentes grupos entre eles, dando a todos a oportunidade de mostrar as súas aprendizaxes e desenvolvendo as súas competencias comunicativa, emprendedora e de resolución de problemas. É para nós fundamental perseguir a Excelencia, entendida como aquel nivel máximo que cada persoa, dentro das súas características, é capaz de acadar, escapando dunha versión do termo máis exclusivista.

Porén, é a nosa intención que non finalice aquí, sendo un espazo de encontro e formación entre iguais para os centros de primaria adscritos, que estarán convidados a participar nas liñas de traballo organizadas.

O desenvolvemento dos nosos Roteiros de Díaz Castro son causa de visitas de grupos de alumnos doutros IES, CIFP, CEIP e Facultades Universitarias, que, nesa xornada, participan de actividades no centro, todas elas arredor da figura do Poeta que nos dá nome, entre os meses de marzo a maio. Cada curso hai alumnado da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo que participa, por medio dunha experiencia de Aprendizaxe e Servizo, da actividade pedagóxica deste centro, como pode verse na planificación de tarefas.

Igualmente, mantemos a intención de continuar coas colaboracións iniciadas con centros de Educación Especial que, por algunha razón (ter exalumnos deste IES ou ter iniciado proxectos conxuntos de carácter medioambiental) teñen creado un vínculo emocional e curricular connosco.

O desenvolvemento de proxectos europeos é un punto importante de cara a abrir o noso centro ao mundo, ben sexa a nivel virtual, con traballos colaborativos, ben sexa recibindo socios (españóis ou estranxeiros) para participar en liñas de traballo referidas ao KA101 ou ben aos diversos eTwinning planificados cada curso.

Por outra banda, manteremos e propiciaremos a creación de obradoiros e docencias nas que os protagonistas sexan persoeiros e familiares da contorna e da nosa comunidade educativa, e outros nos que o noso alumnado sexa, esporadicamente, monitor de adultos da comunidade, en obradoiros. Nesta mesma liña, manteremos os Clubes de lectura para as familias e ampliaremos a obradoiros diversos para estas.

V.- Temporalización das actividades

Na ligazón que segue accédese á táboa explicativa das actividades, a súa temporalización e a relación de cada unha con participantes, destinatarios, dotación precisa e espazo.

<https://drive.google.com/file/d/1nLEAcFEQxTUszk7oUc9FvU7B0Xb963Ln/view?usp=sharing>

VI.- Número de profesorado implicado

20

Análise DAFO que o proxecto supón para o fomento das competencias clave e

I.-Breve análise das debilidades

A fenda sociocultural, cunha baixa expectativa de parte das familias e alumnado de expectativas académicas e profesionais e, tamén, a fenda dixital, reflectida nun acceso deficitario á conectividade e nunha equivocada xestión do uso das pantallas e redes sociais.

Unha falta de recursos tecnolóxicos e dixitais específicos para a realización de actividades e proxectos tecnolóxicos e científicos, así como ausencia de mobiliario multifuncional que favoreza o traballo

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200
CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

cooperativo, colaborativo e a flutuación de agrupamentos.

A necesidade e compromiso de atender unha diversidade cada vez máis manifesta nos intereses do alumnado.

A proporción minorada de alumnado de ciencias, especialmente, no xénero feminino, que tamén é minoritario na FPBAS.

II .-Breve análise das fortalezas

Equipo docente comprometido coa formación permanente (PFPP) e a participación en programas de innovación educativa (Proxecta, Contrato Programa, Erasmus+, eTwinning) e en experiencias innovadoras (Premios de deseño, Concursos de audiovisual), do que dan conta numerosos premios autonómicos, nacionais e europeos, na última década.

Uso das tecnoloxías no intento de entendelas como Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento, superando o modelo TIC.

Ampla tradición en ABP e ABE que pode seguirse na nosa web (<https://alusdomundo.com/>), na que o traballo colaborativo de alumnado e profesorado está ao dispor da comunidade para a transferibilidade das experiencias educativas.

Capacidade para mellorar a arquitectura do centro de cara a optimizar o traballo creativo e colaborativo, ao dispor de espazos que se poden adaptar e ser dotados de mobiliario e equipamento potenciadores destas metodoloxías.

Grupo humano diverso, profesorado e alumnado pertencente a diferentes intereses e áreas de estudo, no que ocupa un papel importante a Familia Profesional de Fabricación Mecánica que estamos a relanzar e con expectativas de ampliálo.

III .-Breve análise das oportunidades

A participación no programa Polos Creativos na edición de 2022, que nos permita deseñar espazos educativos para a aprendizaxe competencial, que sustenten diversas actividades en escenarios polivalentes, de usos flexibles, capaces de satisfacer as diferentes necesidades do noso alumnado a través dunha educación de calidade que aumente o seu horizonte tecnolóxico-cultural e á vez que esperte nel a curiosidade e creatividade

A formación permanente do profesorado no ámbito da xestión do espazo, de cara á creación de estacións inclusivas no centro e á aproximación do noso centro á Nova Arquitectura Pedagóxica.

A personalización da educación, mediante actividades formativas flexibles que usen a rede e as tecnoloxías (da comunicación e a información) e permitan enfrontarse a retos tecnolóxicos e dixitais reais, en diversos campos do saber.

Un medio natural, social, cultural e artístico susceptible de ser valorado a partir de actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, cunha visión comprometida.

A aproximación das familias ao centro a través de experiencias compensatorias que favorezan a ancoraxe das mesmas na contorna, e nos permita impulsar a creación dunha ENAPA e unha ANPA.

Constituírnos nun espazo de desenvolvemento da zona, a través da formación da comunidade educativa e do fortalecemento da Formación Profesional na Familia de Fabricación Mecánica para unha ampla zona que, demandando este perfil, non dispón de centros formativos que o asuman.

IV .-Breve análise das ameazas

Escasas sinerxías colaborativas entre as familias e o centro educativo, incrementadas por non existir asociacións de pais e nais.

Aumento de riscos aos que está exposta a cidadanía/sociedade nun mundo no que, cada vez máis, interactuamos en contornas dixitais e, cada vez máis, o facemos a menor idade.

Dificultades derivadas da evolución da contorna rural, relacionadas coa escaseza de recursos culturais e de lecer alternativo, especialmente para adolescentes.

Escasa inserción profesional por un tecido económico-empresarial igualmente escaso que inflúe en que as persoas formadas abandonen a vila e contribúan á despoboación da zona.

Infravaloración da contorna propia e dos seus recursos que explica a escasa consideración da FP como

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200
CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo
PROGRAMA: Polos Creativos
ESTADO: Validada
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

unha opción profesional para revitalizar as empresas da zona e os recursos persoais e familiares.

Valoración de necesidades tendo en conta a dispoñibilidade de equipamento recollido

Valoración de necesidades tendo en conta a dispoñibilidade de equipamento recollido neste programa

Enlace á listaxe de equipamento solicitado

<https://docs.google.com/document/d/11h4Ull1WzQlup98m7Q9kjmuZeoBi4DKvNJ3p406g9M/edit?usp=sharing>

Participar nesta convocatoria é a gran oportunidade para este centro e a súa contorna, como queda xustificado nos apartados anteriores. Relacionando aspectos mellorables (necesidades e ameazas) e a dotación á que se pode acceder, contribuiría de xeito significativo á optimización de OS NOSOS ESPAZOS (flutuación de agrupamentos, metodoloxías colaborativas, sinerxías coas familias, tecido empresarial e artesáns da zona):

Contamos con lugares interiores e exteriores que poderían adaptarse na procura do benestar, o que reverterá, sen dúbida, na calidade dos procesos educativos: a aula exterior, a adaptación do vestíbulo vertical á acollida e difusión, a creación dun segundo taller de pequena fabricación e a creación dunha gran aula de colaboración e traballo creativo requiren do mobiliario ofertado nesta convocatoria para a flutuación de agrupamentos e metodoloxías. Igualmente, gradas ou colchonetas aumentan os aforos nos espazos que o precisen, nunha innovadora apropiación dos mesmos en favor da aprendizaxe.

AS NOSAS METODOLOXÍAS:

A atención á diversidade é a nosa prioridade, entendida como a riqueza que pode mellorar a contorna e conservar e valorar o patrimonio cultural, natural e social que a identifica. Neste sentido, apropiarnos dese patrimonio a través de experiencias de ApS, interxeracionais, entre iguais ou de internacionalización/redes de centros, é o caldo de cultivo perfecto para contribuír na resolución de varios problemas da contorna rural na que vivimos:

A despoboación deixa unha pegada importante na inserción profesional do noso alumnado, que, por vir de experiencias de baixas expectativas académicas e /ou profesionais, carece do espírito emprendedor necesario para pór ao servizo da comunidade as súas aprendizaxes.

Por isto, unha parte do noso alumnado encontra que a única saída é a marcha da zona rural ou a resignación a perpetuar economías de subsistencia herdadas das familias, desconsiderando, incluso, a FPBAS como un medio que pode abrir novas perspectivas a calquera delas.

Confianza no carácter transformador da escola, vemos na opción de resolver novos retos desde a colaboración e a interdisciplinidade, unha aprendizaxe para o futuro, para atopar novos xeitos de asentamento de calidade na contorna, a través da mellora da competencia emprendedora.

Para isto, a asunción de metodoloxías activas, desenvolvidas en obradoiros, masterclasses, proxectos, resolución de problemas, como os descritos serán clave. E, aquí, as dotacións de kits electrónicos, tabletas e accesorios, de impresión 3D, as de audiovisual, e, mesmo as de ferramentas, contribuirán facilitando o noso labor que ten, ademais, o reto de mellorar a proporción de alumnado (especialmente de alumnas) nos itinerarios científicos, para o que a manipulación en situacións tecnolóxicas pode ser unha oportunidade de coñecemento e autoconfianza.

AS NOSAS RELACIÓNS

Nós somos unha parte deste todo: O noso proxecto entra de cheo na Nova Arquitectura Pedagóxica para traballar por estar inmersos na contorna e, conseguir, así, ser referente para empresas, artesáns e familias. Persequimos a súa presenza e a súa participación e, con elas, o sentido de pertenza á comunidade educativa, sabedores de que, así, a nosa contribución ao desenvolvemento da contorna está garantido. Este sentido de pertenza é a clave, entendemos, para a creación da ANPA e a ENAPA que tan positivamente valoraríamos neste centro, e que se favorecerá a través de situacións de aprendizaxe comunitario, con obradoiros (impartidos, recibidos ou en colaboración coas familias/empresas/artesáns) ou xornadas de convivencia con obxectivos compartidos.

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 27016200

CENTRO: IES Poeta Díaz Castro - Guitiriz - Lugo

PROGRAMA: Polos Creativos

ESTADO: Validada

VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: